

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA

ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra

Asunto: Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental e á solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Tramontana situado nos municipios de Forcarei, Silleda e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense). Código de proxecto: PEol-323 AC.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____, actuando en nome e representación propia e das persoas que figuran e asinan o ANEXO que se achega xunto co presente documento, as cales tamén designan como domicilio de notificacións o da primeira.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Tramontana situado nos municipios de Forcarei, Silleda e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense). Código de proxecto: PEol-323 AC, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

1.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

2.- Impactos ambientais severos.

☞ **Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). Ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección aos acuíferos e á calidade das masas de auga.**

Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS E A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA TANTO SUPERFICIAIS COMO SOTERRADAS

Prodúcese unha afección severa e prexuízos significativos sobre os ríos da zona:

- Vial de acceso (Eixo 1) ao grupo de aeroxeradores AE1 a AE5 coa Rega de Reigosa
- Viaria de acceso (Eixo 6) ao grupo de aerogeneradors AE6 e AE7 coa Rega de Reigosa
- Viaria de acceso (Eixo 0) ao grupo de aerogeneradors AE6 e AE7 con Afluente innominado do Río Umia
- Zanja de cabreado co Río Umia na estrada existente PO – 2016 entre os núcleos de poboación da Graña do Umia e Muras
- Zanja de cabreado co Afluente innominado do Río Umia na estrada existente PO – 2016, preto do núcleo de Castro de Muras

Elemento hidrográfico	Infraestrutura máis próxima	Distancia (m)
Arroio innominado 1 (afluente do Río Umia)	AE03	150
Arroio innominado 2	AE04	160
Rega de Reigosa	AE05	360

No ámbito da poligonal do parque eólico identificáronse 3 captacións de auga subterránea para consumo humano, dous existentes e localizadas dentro do perímetro dos núcleos de Filloi e A Graña de Umia, a terceira, trátase dunha futura captación de auga subterránea codificada como ES014 ZCCM000005027, que se atopa xunto ao vial de acceso de nova construción xunto ao lugar de “Enterregas”. Sen embargo, hai máis captacións tendo en conta que é unha zona agro –gandeira con captacións particulares e moitas fontes.

LAT SE Tramontana – SE As Penizas 132 kV SE TRAMONTANA –AS PENIZAS:

AP inicial	AP final	Lonxitude (m)	Cruzamientos	Termo municipal
Nº2	Nº4	406,43	Arroio Innominado (Augas de Galicia)	Forcarei
Nº5	Nº8	913,6	Río Umia (Augas de Galicia)	Forcarei
Nº14	Nº15	244,91	Arroio Innominado (Augas de Galicia)	Forcarei
Nº23	Nº24	385,59	Rego de Sorribas (Augas de Galicia)	Forcarei

Nº24 Nº29 1088,95 Arroio Innominado (Augas de Galicia) Forcarei

Arroio Innominado (Augas de Galicia)

Forcarei

Do mesmo xeito, nas zonas nas que se producen os cruzamentos anteriormente descritos producírase afección á zona de policía de leitos dos cursos fluviais correspondentes. Ademais destas afeccións sobre a zona de policía de leitos, outros pequenos tramos que afectan á zona de policía de leito de varios arroios sen nome.

O trazado da liña de evacuación do parque eólico afecta a diversas fontes de auga e descoñécese o grao de afección aos acuíferos e á capa freática subterránea xa que a promotora non realizou un estudo hidroxeolóxico.

LAT SE As Penizas – SEC Paraño:

No referente a hidroloxía, a maior parte da superficie que ocupa o proxecto pertence á Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (apoios 1 a 47). Os últimos quilómetros de liña (apoio 47 en diante ata a chegada á subestación de Paraño) pertencerían á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

As concas e sistemas de explotación da rede hidrográfica existentes na contorna do proxecto son:

*Conca do Río Lérez (Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa).

*Conca do Rego de Ponche Freixeira (Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa).

*Conca do Río Ventoxo (Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa).

*Conca do Río do Castro (Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa).

*Sistema Miño baixo, subsistema Arnoia-Avia (Confederación Hidrográfica Miño-Sil).

Os leitos afectados polos cruzamentos coa liña eléctrica de evacuación indícanse na seguinte táboa:

LIÑA AÉREA DE ALTA TENSIÓN 132 KV SE PENIZAS- SEC PARAÑO

AP inicial	AP final	Lonxitude (m)	Cruzamentos	Termo municipal
Nº2	Nº5	659,26	Arroio innominado	Forcarei
Nº8	Nº12	1096,851	Arroio innominado	Forcarei
Nº12	Nº13	451,22	Arroio innominado	Forcarei
Nº13	Nº21	2053,12	Río Lerez (Augas de Galicia)	Cerdedo/
Río dá Feixerira (Augas de Galicia)			Cotobade Rego dá Pardiña (Augas de Galicia)	Cerdedo/ Cotobade
Nº22	Nº23	161,03	Arroio innominado (Augas de Galicia)	
Nº25	Nº31	2082,74	Arroio innominado (Augas de Galicia)	Forcarei
Río Ventoxo (Augas de Galicia)				
Nº33	Nº37	950,5	Arroio innominado (Augas de Galicia)	Forcarei
AP inicial	AP final	Lonxitude (m)	Cruzamentos	Termo municipal
Nº37	Nº48	2445,47	Regueiro de Barbeitas	Forcarei
Nº48	Nº52	1329,58	Rego Longo de Alonso (CHMS)	Beariz

Rego de Ponche Pedriña (CHMS)

Arroio innominado (CHMS)

Nº 63 Nº 64 321,26 Arroio innominado (CHMS) Beariz

Respecto a as zonas protexidas derivadas da planificación hidrolóxica do ámbito de estudo, cumpre citar a existencia das seguintes figuras:

- Perímetro de protección de Augas de Paraño (zona xa identificada no apartado de Xeoloxía), identificada co código europeo ES010 PAMT1108100025, trátase dunha zona de restricións mínimas asociado ás masas de auga cos códigos ES477MAR001910 (Río Vinao I), ES475MAR001880 (Rego de Cardelle I), ES477MAR001920 (Río Vinao II). Afectada polo tramo final da LAT.

- Tramo de interese ambiental do Río Ponte Pedriña ata o Río Doade, co código ES010TIME1110100090 asociado á masa de auga co código ES475MAR001880 (Rego de Cardelle I). Sofre un cruzamento coa traza da liña entre os apoios 52 e 53.

- Captacións subterráneas para o abastecemento humano na contorna do apoio 50:

- * Manancial 1 da Captación de Zona Costoia, de titularidade do concello de Beariz, co fin do abastecemento da poboación, na clase inferior a 50 persoas. Localizada a 229 m ao NO do apoio nº50.

- * Manancial 2 da Captación de Zona Costoia, de titularidade do concello de Beariz, co fin do abastecemento da poboación, na clase inferior a 50 persoas. Localizada a 359 m ao NO do apoio nº50.

- * Manancial 3 da Captación de Zona Costoia, de titularidade do concello de Beariz, co fin do abastecemento da poboación, na clase inferior a 50 persoas. Situada a 254 m ao SO do apoio nº50.

Identificáronse na contorna dos apoios 1, 2 e 3, zonas húmidas ben como, algunhas zonas de encharcamento e captacións de augas subterráneas (dous pozos de abastecemento ao lugar de Liñares)

Ausencia dun estudo detallado sobre a hidroloxía da totalidade do proxecto, ausencia de valoración das captacións de auga para as granxas, núcleos e explotacións agrícolas. O proxecto supón unha afección severa e incompatible cos recursos hídricos. Non se valora a calidade das masas de auga superficiais e soterradas e non se garante a non afección aos acuíferos. Ausencia dun estudo hidroxeolóxico.

☞ **Afección moi severa e incompatible cos Hábitats dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:**

HIC 4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix

HIC 9230 Carballeiras galaico-portugueses con Q. robur e Q. pyrenaica

HIC 4030 Queirogais secos europeos e HIC 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con aliaga

HIC 4090 Queirogais oromediterráneos endémicos con aliaga Medio

7110* hábitat de turbeira. Prioritario.

3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (Littorelletalia uniflorae)

3260 Ríos, de pisos de planicie a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de CallitrichoBatrachion

8230 Roquedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo- Scleranthion ou do Sedo albi- Veronicion dillenii

91E0* Bosques aluviales de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior

En canto ao hábitat de flora de ribeira pertencente ao código 91E0*, a promotora prevé a curta de pés de Salix spp. na contorna de regos innominados.

☞ **Afección severa e incompatible coa avifauna da totalidade dos parques e infraestruturas eólicas presentes no territorio de afección:**

Ixobrychus minutus (Ardeidae):

- Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE.

- Catálogo Galego de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Circus pygargus (Accipitridae)

- Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE.

- Catálogo Galego de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

- Catálogo Español de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Circus cyaneus (Accipitridae)

- Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE.

- Catálogo Galego de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Circaetus gallicus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Hieraaetus pennatus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Milvus migrans

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Aegypius monachus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Gyps fulvus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Falco peregrinus

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Falco columbarius

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

Bubo bubo

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: “Vulnerable”

Especie en Réxime de Protección Especial

Varias especies de quirópteros recollidas no Anexo II da Directiva Comunitaria 92/43/CE e/ou incluídas nos Catálogos galego e español de especies ameazadas: *Myotis myotis*, *Myotis daubentonii*, *Myotis nattereri*, *Pipistrellus pipistrellus*, *Pipistrellus pygmaeus*, *Plecotus auritus*, *Rhinolophus euryale*, *Rhinolophus ferruquimenum*, e *Rhinolophus hipposidero*

☞ **Afección severa a Humidáis e Turbeiras non inventariados pola Xunta de Galicia:**

Prexuízos significativos a zonas húmidas e turbeiras que se pasan por alto.

☞ **Afección á Rede Natura. Ausencia dun informe de repercusións sobre a Rede Natura. O proxecto eólico é incompatible cos valores da Rede Natura.**

Parque eólico Tramontana

O parque eólico causaría prexuízos significativos sobre espazos protexidos pertencentes á Rede Natura 2000, situándose no límite das seguintes zonas:

- ES1140008: ZEC Brañas do Xestoso: circunscrita aos municipios de Forcarei, Silleda e A Estrada, atópase ao norte do parque eólico, a uns de 200 m do aeroxerador máis próximo (AE1).
- ES1140013: ZEC Serra do Candán: esténdese polos municipios de Forcarei, Silleda, Lalín, O Irixo e Beariz, situándose ao sueste do parque, a unha distancia de 950 m do aeroxerador máis próximo (AE13).
- ES1140014: ZEC Serra do Cando: esténdese polos municipios de Forcarei, Beariz, Cerdedo-Cotobade e A Lama, na zona sur do parque, a un 2 km de distancia.

LAT SE Tramontana – SE As Penizas

A liña de evacuación do parque eólico Tramontana sitúase moi próximo das seguintes zonas:

- ES1140013: ZEC Serra do Candán: esténdese polos municipios de Forcarei, Silleda, Lalín, O Irixo e Beariz, situándose ao leste da liña, a unha distancia de 1,8 km do apoio máis próximo (apoiado 18).

- ES1140014: ZEC Serra do Cando: esténdese polos municipios de Forcarei, Beariz, Cerdedo-Cotobade e A Lama, ao leste da LAT, a unha distancia de 2,0 km do apoio máis próximo (apoió 24).

En canto as as ZEPA, na contorna non se localiza ningún espazo con este estatuto de protección, estando a máis próxima na costa, a máis de 35 km, ao suroeste da LAT, tratándose do Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira.

LAT SE As Penizas – SEC Paraño. Afección severa e incompatible coa Rede Natura. Prexuízos significativos para especies e hábitats.

A liña de evacuación atravesa a ZEC Serra do Cando (ES1140013), cuxa protección se estende ao longo do río Lérez. A afección entre os apoios 13 e 14 da LAT causa prexuízos significativos para os valores a protexer. As especies e hábitats non entenden de límites nin de fronteiras. Este espazo tamén está catalogado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Ademais, destaca pola súa proximidade, a ZEC Serra do Candán (ES1140014), localizado a algo menos de 1 km da liña eléctrica. Tamén está catalogada como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Principais características destes espazos protexidos.

• ES1140013: Serra do Candán: sitúase ao redor dunha das serras interiores da provincia de Pontevedra, fundamentalmente no complexo montañoso dos Montes do Testeiro. Esténdese polos municipios de Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixe, e ocupa unha extensión de 10.699 ha. Atópase ao nordés da LAT, a unha distancia dun 850 m. Neste espazo delimitáronse un total de 14 Unidades Ambientais, incluídas no seu maior parte, entre os grupos UA200 Humidales continentais, UA300 Matogueiras e medios rochosos, e o UA600 Paisaxe rural transformado. No que respecta a os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, este espazo alberga unha listaxe composta por 18 tipos, dos que 4 son prioritarios (un 22%). Os grupos mellor representados son os de Formacións herbáceas naturais e seminaturais, o de Hábitats rochosos e covas, e o de Bosques, contando cada un deles con 4 hábitats. Os tipos máis destacados presentes neste espazo son Nat-2000 4020* Brezais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix, Nat-2000 7110 * Turbeiras altas activas e Nat-2000 9380 Bosques de Ilex aquifolium. Inclúense un total de 18 taxones do Anexo II da DC 92/43/CEE e 27 do Anexo IV, citándose os invertebrados Margaritifera margaritifera e Oxygastra curtisii, así como as especies de quirópteros de interese comunitario Myotis daubentonii ou Myotis emarginata. Do conxunto da avifauna, nesta ZEC contabilízanse 15 especies do Anexo I da DC 2009/147/CE.

• ES1140014: ZEC Serra do Cando: circunscrita aos municipios de Cerdedo, Cotobade, Forcarei, A Lama e Beariz, ten unha extensión de 5.458 ha, situándose a maior extensión ao suroeste da LAT. O trazado da liña entre os apoios nº13 e nº14 atravesa terreos da Rede Natura e causando prexuízos irreversibles para esta zona protexida.

PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS NO EIDO SOCIOECONÓMICO:

Afección severa a terras de produción cerealística vencelladas á PAC (política agraria comunitaria) e de gran capacidade agrícola e produtividade. Fragmentación das explotacións agrogandeiras e perda severa de base territorial. Impactos non avaliados no proxecto pola promotora que obvia a existencia de explotacións gandeiras, forestais de madeiras que constitúen o medio de vida das persoas e familias que habitan e viven no ámbito afectado polo proxecto eólico e as infraestruturas de evacuación. Afección severa ás explotacións forestais e madeiras da zona. Os rendementos madeiros constitúen unha importante fonte de ingresos para as economías das familias que viven no ámbito de afección do proxecto. Fragmentación das explotacións forestais e madeiras, perda de base territorial e perda de ingresos para as familias, para o sector da madeira, aserradoiros, carpinterías e demais industria transformadora da madeira. A afección ás economías familiares e ao sector madeiro é inasumible tendo en conta que o sector forestal, tal e como indica a Lei de Montes de Galicia é un sector económico estratéxico

que contribúe á descarbonización da economía e que cumpre cos obxectivos climáticos de Quioto. Os impactos sobre o sector forestal e agrogandeiro son inasumibles e totalmente incompatibles cos usos e medios de vida actuaes. Aspectos todos eles non avaliados pola promotora.

☞ **AFECCIÓN MOI SEVERA E INCOMPATIBLE COA PAISAXE. FEÍSMO PAISAXÍSTICO E AFECCIÓN SEVERA AO TURISMO E AO BENESTAR DAS FAMILIAS QUE RESIDEN NA ENTORNA QUE CONSTITÚE O SEU MEDIO DE VIDA.**

*AEIP Monte de San Sebastián

*AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro

*AEIP Coto de Codeseda

• O parque eólico é visible desde os seguintes miradoiros:

* Miradoiro do Alto do Candán, desde o que se poderían observar 11 aerogeradores.

* Miradoiro de San Sebastián, desde o que sería visible todos os aerogeradores do parque eólico

* Miradoiro Ou Castro – Eiras dous Mouros – Trocastello, desde o que poderían observarse 11 aerogeradores

* Miradoiro de Pedrouzo, desde o que serían visibles 3 aerogeradores.

• Son visibles parte das infraestruturas desde os seguintes BIC, situados no concello de Forcarei:

* Mosteiro de Aciveiro (visibilidade de 3 aerogeradores).

*Torre de Alarma de Castrelo ou Torre Vella de Barciela (visibilidade de 3 aerogeradores).

• A LAT de evacuación do PE Tramontana será visible desde os seguintes miradoiros:

* Miradoiro de Pedrouzos (visibles 2 apoios do tramo 1 da LAT e 3 apoios da LAT SE As Penizas – SEC Paraño)

* Miradoiro das Ameixeiras (visibles 6 apoios).

* Miradoiro do Seixo (visibles ata 18 apoios da LAT SE As Penizas – SEC Paraño)

• Son visibles algúns apoios desde os seguintes BIC, situados no concello de Forcarei:

*Torre de Alarma de Castrelo ou Torre Vella de Barciela (11 apoios da LAT SE Tramontana – SE As Penizas).

*Torre de Alarna de Castrelo ou Torre Vella de Barciela (22 apoios da LAT SE As Penizas – SEC Paraño)

Os núcleos con maior número de observadores desde os que é visible a actuación son: A Bandeira (814 hab.), Forcarei (472 hab.), Soutelo de Montes (424 hab.) e Silleda.

En relación á liña de evacuación os núcleos con maior número de observadores desde os que é visible a actuación son: Forcarei (472 hab.), Soutelo de Montes (424 hab.), Ou Regueiro (119 hab.), As Rabadeiras (64 hab.) e Filloi (51 hab.).

☞ **AFECCIÓN MOI SEVERA AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN. AUSENCIA DA AVALIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS EÓLICAS SOBRE O ÉXODO POBOACIONAL, O DESPOBOAMENTO DO RURAL E O FENÓMENO DA CHAMADA “ESPAÑA BALEIRADA”.**

As entidades de poboación localizadas na contorna do parque eólico Tramontana, e máis próximas ás distintas estruturas considerando un radio de 2 km, son:

☒☒ Vilar: entidade de poboación correspondente á parroquia de Grava (Silleda), cunha poboación de 12 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 795 m do AE8, en dirección NE.

☒☒ Fontefría: entidade de poboación pertencente ao núcleo de Vilar, que está situada a 786 m do AE8, en dirección NON.

☒☒ Xestoso: entidade de poboación correspondente á parroquia de Xestoso (Silleda), cunha poboación de 25 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,1 km do AE4, en dirección NE.

☒☒ A Reigosa: entidade de poboación correspondente á parroquia de Aciveiro (Forcarei), cunha poboación de 9 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 632 m do AE6, en dirección E.

☒☒ Filloi: entidade de poboación correspondente á parroquia de Aciveiro (Forcarei), cunha poboación de 51 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,1 km do AE7, en dirección SE.

☒☒ Valiñaxemia: entidade de poboación correspondente á parroquia de Pereira (Forcarei), cunha poboación de 14 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,4 km do AE7, en dirección SE.

☒☒ Castro de Muras: entidade de poboación correspondente á parroquia de Pereira (Forcarei), cunha poboación de 40 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,5 km do AE13, en dirección NE.

☒☒ Muras: entidade de poboación correspondente á parroquia de Pereira (Forcarei), cunha poboación de 32 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,8 km do AE13, en dirección N.

☒☒ A Umia: entidade de poboación correspondente á parroquia de Meavía (Forcarei), cunha poboación de 32 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,8 km do AE7, en dirección SO.

☒☒ A Graña dá Umia: entidade de poboación pertencente ao núcleo da Umia, que está situada a 1,4 km do AE7, en dirección SO.

☒☒ As Rabadeiras: entidade de poboación correspondente á parroquia de Dúas Igrexas (Forcarei), cunha poboación de 64 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,3 km do AE13, en dirección SO.

☒☒ A Carballeira: entidade de poboación correspondente á parroquia de Forcarei, cunha poboación de 16 habitantes (Fonte INE 2019), que está situada a 1,6 km do AE12, en dirección SO.

☞ **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA AS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS, AGRÍCOLAS E FORESTAIS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO. INCOMPATIBILIDADE DO PROXECTO COA LEI 7/2012, DO 28 DE XUÑO, DE MONTES DE GALICIA.**

O monte galego é un sector estratéxico na economía galega.

Ausencia de avaliación do sector forestal da comarca e a súa relevancia na economía dos municipios de afección do proxecto eólico, como complemento dos ingresos das economías familiares e subministrador de madeira para as carpinterías e aserradoiros da zona.

O proxecto fragmentará as explotacións forestais e madeiras, que ao igual que na comarca limítrofe de Bergantiños, constitúen unha importante fonte de ingresos que complementa ás economías familiares.

Por outra banda, e tendo en conta o marcado carácter forestal destes municipios e a relevancia dos rendementos madeiros e das explotacións forestais como complemento das economías domésticas, cómpre lembrar que a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia indica na súa exposición de motivos que:

“Pero a importancia do sector forestal non reside só nas cifras macroeconómicas, claros expoñentes da súa importancia, senón que, como xa indicamos, desempeña unha función básica na fixación da poboación no rural. En comarcas como as de Lugo, A Fonsagrada, A Terra Chá, Bergantiños, Fisterra, A Limia ou Verín, a forestal figura entre as tres primeiras actividades industriais por emprego xerado, pois o 70 % destas empresas aséntase en poboacións de menos de 5.000 habitantes. En consecuencia, un dos obxectivos prioritarios desta nova norma é colaborar e impulsar a organización do territorio galego, equilibrando os usos do solo, permitindo un adecuado aproveitamento dos recursos e, ao mesmo tempo, colaborando no mantemento das explotacións agrarias existentes, axilizando a súa posibilidade de crecemento e consolidación como factor básico que minimize, na medida do posible, o abandono do rural e consiga frear o envellecemento demográfico e o despoboamento, posibilitando a fixación da poboación. Esta lei xorde nun momento en que o abandono agrario segue a tendencia ao incremento da superficie forestal. Neste contexto, e co obxectivo de consolidar e mellorar as superficies forestais, é importante acadar o equilibrio de usos, eliminando en gran parte o risco de desaparición e, con iso, a imposibilidade de realizar un adecuado aproveitamento racional e multifuncional”

“No ámbito forestal, Galicia ocupa, no conxunto do territorio nacional, un lugar esencial. É, sen lugar a dúbidas, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. A súa superficie forestal arborada representa o 48 % da totalidade da Comunidade Autónoma, superando as 1.400.000 hectáreas e cunha alta produción de madeira, próxima ao 45 % da produción nacional. Esta é a razón pola cal o incremento da masa arborada en cantidade e calidade constitúe un obxectivo básico, non só do sector forestal en particular, senón da sociedade galega do século XXI no seu conxunto, garantindo o aproveitamento continuado dos recursos forestais, especificamente da madeira, que segue a ser, nestes momentos, o segundo produto deficitario na Unión Europea – tras o enerxético–, o que pode supoñer unha vía de ordenación territorial que posibilite un freo ao abandono sistemático das explotacións do rural de Galicia e permita, a través do desenvolvemento de explotacións e industrias forestais, a fixación da poboación, co cal se evitaría o despoboamento e a crise demográfica que atenzan o mundo rural galego.

Para aquilatar a importancia actual do sector forestal na economía galega, non sempre adecuadamente ponderada, é necesario indicar que a contratación de servizos externos que realizan os propietarios e os xestores forestais dá emprego estable en Galicia, directo e indirecto, a un colectivo superior ás 15.000 persoas, formado por cuadrillas propias no monte, persoal técnico e administrativo das asociacións profesionais, viveiristas, consultoras de enxeñaría, empresas de traballos silvícolas, empresas de aproveitamentos forestais e transportistas especializados. A facturación dos propietarios forestais galegos supera os 300 millóns de euros anuais entre produtos madeiros e non madeiros.

Pola súa parte, a facturación conxunta da industria de transformación da madeira supera na nosa Comunidade Autónoma os 1.600 millóns de euros anuais, proporciona emprego directo a máis de 22.700 traballadores e constitúe o sector industrial que maior emprego xera na comunidade, cun 12 % da poboación laboral activa. A industria de primeira transformación produce o 60 % da produción nacional de tableiros, o 40 % da madeira de serradoiro e o 20 % da pasta de papel, o que totaliza o 3,5 % do PIB da Comunidade Autónoma.

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se recoñece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42

millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Quioto.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade medioambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son aproveitados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. De aí que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe cohonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e dos silvicultores”.

Por outra banda no Proxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética (Boletín oficial das Cortes Xerais Senado XIV Lexislatura, Núm. 170 de 14 de abril de 2021), arestora en tramitación no Senado, establece no seu artigo 25 relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostibles para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.

☞ **Efectos acumulativos (aditivos, sumativos e globais) con P.E. próximos: SIN AVALIAR**

Cómpre á avaliación ambiental conxunta e glocal da totalidade das infraestruturas do parque eólico incluídas as liñas de evacuación e demais infraestruturas asociadas.

A participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, e en particular, na avaliación ambiental dos proxectos industriais está recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A avaliación ambiental dos impactos da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial debe permitir á cidadanía a valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.

Ao anterior hai que engadir outras infraestruturas como as estradas e camiños que fragmentan o territorio e supoñen a perda de biodiversidade. Ao mesmo tempo todas estas infraestruturas eólicas fragmentan a paisaxe e incrementan a fraxilidade visual.

Falla de avaliación dos impactos globais e sumativos de todas as infraestruturas presentes na área do proxecto incluídas as liñas de evacuación e outras infraestruturas presentes como as estradas e camiños.

A actividade de produción de enerxía eléctrica non pode ser allea a formulacións ambientais de forma tal que a auga dos nosos ríos, a forza do vento ou a calor proveniente do sol, son fontes limpas e inesgotables de produción de enerxía eléctrica que por iso son fomentadas polos estamentos públicos. Precisamente para conseguir eses

obxectivos, protexer o medio ambiente e garantir unha subministración eléctrica de calidade, entre outros mecanismos está a avaliación ambiental dos proxectos industriais, que non pode ser burlada mediante a división ou fragmentación artificioza destes para eludir a finalidade prevista na normativa que a regula.

☞ DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS DE OBVIAR A AVALIACIÓN AMBIENTAL GLOBAL, SUMATIVA E ACUMUALADA DA TOTALIDADE DAS INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES DA MESMA PROMOTORA

Indica a promotora:

“El P.E. Tramontana ya dispone de permisos de acceso y conexión a red de transporte en la subestación Beariz 400 kV. Para evacuar su potencia, será necesario construir una línea eléctrica de 400 kV Subestación Colectora Paraño-Beariz, una subestación colectora que incluirá transformación 132/400 kV, una línea eléctrica de 132 kV SE PE As Penizas-SEParaño, además de la SE PE As Penizas. Todas estas infraestructuras serán compartidas con otros promotores y serán objeto de proyectos independientes que se tramitarán en la Xunta de Galicia. Actualmente ya se ha firmado un acuerdo entre todos los promotores con permiso de acceso en Beariz 400 kV para compartir las infraestructuras comunes.

Se indican a continuación dichos proyectos, incluidos los números de expedientes administrativos conocidos.

- *PE As Penizas, EXPTE Nº: IN408A/2017/06. Incluye la subestación a la que se conectará la LAT 132 kV SET PE TRAMONTANA – SE PE AS PENIZAS.*
- *SEC PARAÑO y LAT 400 kV SEC PARAÑO-BEARIZ. Será objeto de un expediente independiente. Previsiblemente, se presentará el proyecto y EslA a la Xunta de Galicia durante el mes de noviembre de 2020.*

Las sociedades Greenalia Wind Power Siroco, S.L., Greenalia Wind Power Tramontana, S.L. y Greenalia Wind Power, S.L. han llegado a un acuerdo para compartir la tramitación de las infraestructuras de conexión comunes necesarias para la conexión a red en Beariz 400 Kv.

10. SUBESTACIÓN COLECTORA

Con el objetivo de recoger la energía generada por el parque eólico de Tramontana, es necesario incluir una nueva posición de entrada de línea de 132 kV en la subestación colectora SE PE AS PENIZAS 30/132 kV, que concentra la energía procedente de varios parques en la zona y la evacúa a través de la LAT 132 kV AS PENIZAS – PARAÑO hasta el punto de conexión a la red, no siendo esta línea alcance del presente anteproyecto.

La SE PE As Penizas se está tramitando en la Xunta de Galicia dentro del expediente del P.E. As Penizas (IN 408A 2017/06). El presente anteproyecto recoge la modificación de la subestación de PE As Penizas para incluir la nueva posición de entrada de línea de 132 kV.

Esta subestación está situada en el Ayuntamiento de Forcarei, provincia de Pontevedra”.

Cómpre a suspensión da tramitación de todos estes parques mentras non se avalíe o impacto global e acumulativo de todos eles a nivel local polo principio precautorio, ata valorar o impacto nos hábitats, nas especies e o impacto socio económico e paisaxístico, tendo en conta que o parque eólico Tramontana implántase a escasos 100 metros do espazo protexido da Rede Natura Brañas de Xestoso, no municipio de Silleda.

Solicítase á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Transición Ecolóxica pospoñer a autorización administrativa de novos parques eólicos nos municipios de Forcarei Cerdedo –Cotobade, Campo Lameiro, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces ata coñecer previamente a planificación sectorial ou territorial da industria enerxética para estes municipios, o seu dimensionamento final e contar con estudos científicos específicos.

Non é posible emitir un informe tecnicamente concluínte se non se conta cunha planificación actualizada que permita avaliar o efecto global e acumulativo, as sinerxias e repercusións que a implantación dos parques eólicos poden ter sobre as especies e hábitats tanto a nivel autonómico como a nivel local. Urxe afastar a lupa para medir os impactos da implantación desordenada da mancha das novas estacións eólicas que se están a tramitar de xeito desordenado por todo o territorio galego.

Cómpre recordar que o actual Plan Sectorial Eólico é do ano 1997, nunca foi sometido a avaliación ambiental estratéxica e o seu texto nunca foi publicado en ningún Boletín ou Diario Oficial, vulnerándose por tanto o principio de publicidade das normas que garante a transparencia da actividade da Xunta de Galicia fronte ás persoas administradas.

Os parques eólicos Siroco e Tramontana promovidos pola empresa Greenalia e tramitados polo Ministerio de Transición Ecolóxica, ao superar os 50 MW, evacúan a enerxía producida a través da subestación do parque eólico Penizas, tamén da mesma promotora, e que está a ser obxecto de tramitación pola Xunta de Galicia.

Existe unha fragmentación ou división artificiosa de infraestruturas que escapan dunha avaliación ambiental global dos impactos.

Pero tanto o proxecto eólico Siroco como o Tramontana prevén unha nova zona de enganche na subestación do Penizas, co cal cumpriría a modificación do proxecto eólico Penizas e sometelo novamente á exposición pública en conxunto co Tramontana e o Siroco, porque na realidade trataríase dunha única estación eólica.

Os tres parques, da mesma promotora, comparten a subestación do Penizas, polo que a avaliación ambiental dos impactos débese facer de maneira global, e non se está a facer.

Por outra banda é unha incoherencia que os tres parques xa dispoñan de permisos de acceso e conexión á rede de transporte na subestación Beariz 400 kV por parte de REDESA, cando nin sequera se sabe se son ambientalmente viables.

Greenalia recoñece que todos as infraestruturas do conglomerado unido de parques son compartidas con outros promotores, como a titular do parque eólico Paraño, e serán obxecto de proxectos independentes que se tramitarán na Xunta de Galicia obviando a avaliación ambiental conxunta dos impactos.

É moi reprochable que xa as promotoras teñan asinados acordos con permiso de acceso á subestación Beariz 400 kV para compartir as infraestruturas comúns, cando o a cidadanía en xeral e as persoas directamente afectadas en particular, nada saben destes plans empresariais rodeados de total opacidade e que lles poden prexudicar gravemente e que gozan do amparo cómplice da Xunta de Galicia.

4.- PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL: SEN AVALIAR.

O proxecto eólico fica nas inmediacións de diversos bens do patrimonio cultural. A descontextualización do patrimonio cultural é evidente.

5.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PARQUE EÓLICO TRAMONTANA

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pormenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste

caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico TRAMONTANA E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS é incompatible. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.**

“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia dá protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e dá Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) A prevalencia dá protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e vos supostos básicos dá devandita prevalencia”.

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos vos dous tipos gozan dá protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser por tanto nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.

6.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e dá Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da geodiversidad mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) *A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.*

g) *A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.*

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Parque Eólico Tramontana e a súa infraestrutura de evacuación situado nos municipios de Forcarei, Silleda e Cerdedo-Cotobade (provincia de Pontevedra) e Beariz (provincia de Ourense). Código de proxecto: PEol-323 AC, e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e socioeconómicos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social. Prexuízos significativos e irreversibles para a Rede Natura e os recursos hídricos.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO TRAMONTANA E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E OURENSE (CÓDIGO DE PROXECTO: PEOL-323 AC) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAIS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

4.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica. Ademais nunca chegou a publicarse íntegramente o seu texto e as correspondentes modificacións do mesmo no Diario Oficial de Galicia vulnerándose o artigo 9.3 da Constitución española. Existe unha opacidade absoluta no tocante á planificación enerxética en Galicia tanto por parte da Xunta de Galicia como por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica de Madrid.

5.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha manchea de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o

acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)

- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Vulneración flagrante da Lei de Montes de Galicia e da importancia que o sector forestal ten para a comunidade en canto que sector estratéxico.

Forcarei, _____ de xuño de 2021

Asdo.- _____

